

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 23 DE ABRIL DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 23 de abril de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 19 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Santos Héctor Rodríguez

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D^a. María del Carmen Pintado García (asiste aos puntos 2a e 3a)
D. Jesús Núñez Torrón (asiste aos puntos 2b e 3b)
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste ao punto 4a)
D. José Ángel Lago Filgueira (asiste ao punto 4c)
D. Luis Rodríguez-Cadarso de la Peña (asiste aos puntos 8, 9 e 10)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789-449)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es.

A continuación ábrese o sobre A "*Documentación persoal*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A. (porcentaxe de participación na UTE 90-10%)
 2. UTE HINOBEPA, S.L. e INVERSIONES TURIAPARK, S.L. (porcentaxe de participación na UTE 60-40%)
 3. EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia e seguridade de CEDRO e UBAS (149.705-301)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 12:55	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA241-535E44-D42FCF-SSNHPP-EDAR4Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria le o certificado expedido polo Rexistro Xeral onde consta o listado de licitadores presentados a este procedemento e no que se indica *“Así mesmo, recibíuse no correo do día 19, unha oferta da empresa DN24 2000, S.L., sen que haxa constancia do seu preaviso por fax”*.

A continuación pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación ábrese o sobre A *“Documentación persoal”*. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
- b) Non admitir neste procedemento a DN24 2000, S.L. por non cumprir os requisitos de presentación das proposicións previstos na cláusula 12.6 do prego de cláusulas administrativas particulares e no artigo 80.4 do RLCAP *“Cando a documentación se envíe por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día”*. *“Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio”*).

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789-449)

En acto público ábrese o sobre B *“Proposición avaliable mediante xuízo de valor”* dos licitadores presentados e admitidos. O presidente e a secretaria asinan os exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Asiste á apertura D. Carlos Alberto Baña Meira, con DNI 36.062.738-A, en representación de EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A..

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia e seguridade de CEDRO e UBAS (149.705-301)

En acto público ábrese o sobre B *“Proposición avaliable mediante xuízo de valor”* do único licitador presentado e admitido. O presidente e a secretaria asinan o exemplar presentado. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 12:55	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA241-535E44-D42FCF-SSNHPP-EDAR4Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro do proxecto “Vigo Vertical”, cofinanciado polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) (14.438-77)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	LICITADORES	PREZO
1	I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, S.L.	179.080,00 €
2	SERVIGUIDE CONSULTORÍA, S.L.	197.831,00 €
3	XEDEGA S. COOP. GALEGA	265.172,00 €
4	UTE DESSA URBANISMO, S.L.N.E. - GARCÍA-ALÉN ASESORES, S.L.	241.997,58 €
5	VALORA CONSULTORES DE GESTIÓN, S.L.	191.997,68 €
6	ARXON ESTRATEGIA, S.L.U.	221.996,52 €
7	UTE NORFORMACIÓN, S.L. - CENTROS DE INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L.	236.997,13 €

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no prego de cláusulas administrativas particulares.

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura D^a María del Consuelo González García, con DNI 35.295.342-W, en representación de UTE DESSA URBANISMO, S.L.N.E. - GARCÍA-ALÉN ASESORES, S.L.; D^a Alba Valdés Rodríguez, con DNI 53.173.217-Y, en representación de I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, S.L.; D. Antonio Amaro Caamaño, en representación de UTE DESSA URBANISMO, S.L.N.E. - GARCÍA-ALÉN ASESORES, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 12:55	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA241-535E44-D42FCF-SSNHPP-EDAR4Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Prezo	Incremento prazo mínimo garantía elementos que configuran o parque infantil (anos)	incremento prazo mínimo garantía ofertada da obra (anos)
1	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U.	154.599,99	5	7
2	LAPPSET ESPAÑA VR, S.L.	199.599,99	8	5
3	BRICANTEL ESPAÑA, S.L.	144.619,35	10	10
4	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	162.959,99	4	6

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asiste á apertura D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da concellaría de deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas (1.537-611)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Prezo/Hora	Bolsa horas
1	SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L. (STAR, S.L.).	411.400,00 €/ano	10,00	900
2	MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.	1.705.554,31 €	17,81	900
3	LIMPIEZAS CÍES, S.L.	1.756.290,80 €	18,50	900
4	ITMA, S.L.U.	1.798.922,92 €	18,35	0
5	EULEN, S.A	454.789,78 €/ano	11,00	900

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no prego de cláusulas administrativas particulares.

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 12:55	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA241-535E44-D42FCF-SSNHPP-EDAR4Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (386-242) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio o 19 de abril de 2018 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (386-242)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio o 19 de abril de 2018 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (386-242)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (386-242) na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	91,06
2º	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	90,03



Segundo.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 7 e 19 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán presentar a documentación para acreditar a habilitación profesional esixida (“*Se achegará certificación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e autorización para operar no sector de seguros de responsabilidade civil, agás as excepcións previstas na normativa sectorial vixente*”).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 1.684,25 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 12:55	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA241-535E44-D42FCF-SSNHPP-EDAR4Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		